


portugalizando

fanzine de re-encontro cultural

ANTES, O GALEGO E O PORTUGUES
ERAN A MESMA HISTORIA. PERO PASOU,
NON SEI QUE MOVIDA, CADA UN FOI A
SUA BOLA, E AGORA SON DOUS
ROLLOS DISTINTOS.



A Devesa - Agosto - 2007



ESPAZO XUVENIL
GALIZA-PORTUGAL



**‘Portugalizando - fanzine de re-encontro cultural’
é um compêndio de informação
realizado por Carlos Figueiras
sobre diferentes produções artísticas
galegas e portuguesas
disponibilizadas na internet
para descarga gratuita.
Estes materiais servirão como referentes durante
o Obradoiro de Criação Literária
organizado no acampamento d’A Devesa
pela Asociación de Escritores en Lingua Galega
e o Espazo Xuvenil Galiza-Portugal.**



O que é...

A REGUEIFA PLATAFORMA?

Un Netlabel sen ánimo de lucro dende o que todos aqueles creadores e creadoras que o desexen poden difundir, distribuir e amosar a súa obra baixo licenza Creative Commons. Non importa o que fagas (música, videocreación, fotografía, poesía, pintura, banda deseñada...) nen como o fagas, se é dixitalizábel e queres difundilo na rede a través de A REGUEIFA PLATAFORMA, escríbenos a info@aregueifa.net e falamos.

Enderezos web:

<http://aregueifa.blogspot.com/>

<http://www.aregueifa.net/>

DE OUTRA MARGEM



Cinco persoas. Catro galegos e un portugués que a música, ou acaso, algunhas afinidades e a amizade fixeron converxer e ten mantido unidos. Os seus nomes: Lorenzo Suárez, Luis Lechuga, Carlos Villanueva, Gustavo Domínguez, Abílio Santos.

Unha man chea de instrumentos: un contra-baixo, unha guitarra acústica, dous saxofóns e algunhas frautas, un acordeón, unha zanfona, un cavaquinho, un cuatro, unha harmónica, un adufe. E voces: para as cancións, que son moitas. Cinco persoas.

De outra margem son un grupo formado por músicos galegos e portugueses adicados a recuperar cancións tradicionais e interpretalas de novo para que non se perdan e poidamos seguilas desfrutando como facían os nósos pais e avós. Esta característica da unión transfronteiriza fai que a súa música teña un son moi particular e especial, algo que tamén conseguen mediante o uso de instrumentación puramente acústica (guitarra, contrabaixo, concertina, cavaquinho...) e voz.

Para descarga: <http://www.aregueifa.net/>



ATAQUE



ESCAMPE

Ataque Escampe, grupo de rock acústico formado no ambiente universitario da cidade de Santiago de Compostela por rapaces de distintas zonas do país ao redor do ano 2001. Tras varios anos de precariedade e traxectoria discontinua o grupo obtén algo de relevancia ao gañar o premio de canción de autor en galego Utopía Son 2006, organizado polo Café Uf de Vigo. No ano 2007 sacan o seu primeiro traballo, Ed Wood e a invasión dos paraugas asasinados, un disco no que metade dos temas son de estudio e a outra un directo gravado no propio Café Uf. O formato é electrónico e baixo licenza Creative Commons. Nese mesmo 2007 serán seleccionados para participar no tributo a Andrés do Barro Manifesto Dobarrista lanzado conxuntamente pola Regueifa Plataforma, Falcatruada e Lonxa Cultural e que reúne a todo o panorama de grupos novos dos últimos anos. Nese disco versionarán a canción do ferrolán Pra che falar de amor.

O estilo do grupo, autodenominado “rock de serie b” pola precariedade na que comezaron, non deixa de ser unha versión galeguizada do rock acústico e o folc-rock estadounidense, sendo Bob Dylan e Neil Young algunhas das súas referencias, xunto a grupos de rock estatal como Los Enemigos e a grupos galegos como Os Resentidos ou a Psico-fónica de Conxo. Porén, o grupo desenvolverá tamén incursións experimentais noutros estilos como o tango e tamén irónicas referencias a estilos latinos.

As letras do grupo caracterízanse pola súa estreita relación coa literatura, tanto como obras como polas referencias cultas e ironizadas á literatura galega. Tamén se nota un leve pouso xeracional (Afganistán canto, Verdadeiro muro de Berlín) e a vontade de experimentación lírica. O grupo xurde vinculado á xeración de escritores e artistas da cidade compostelana de principios de século, sendo tamén autores literarios os propios Samuel Solleiro e Roi Vidal.

Para descarga:

<http://www.aregueifa.net/>





O Festival de Cans é unha cita alternativa e divertida coas mellores curtametraxes galegas. Un peculiar festival de curtametraxes que este ano chega a súa cuarta edición. De novo a aldea de Cans, no concello do Porriño (Pontevedra) convértese por uns días no epicentro do terremoto cinematográfico do país.

No Festival de Cans proxéctanse curtametraxes galegas, pero é moito máis ca un festival de curtas. Transcorre na fin de semana do 24 ao 26 de maio, con algunhas actividades espalladas ao longo do mes. Casualmente coincide co Festival de Cannes, que nesas mesmas datas reúne na Costa Azul ao máis glamouroso da cinematografía mundial.

O Festival de Cans toma por completo a aldea: o torreiro da festa, xunto coa igrexa parroquial, é o punto de encontro onde teñen lugar os concertos e a entrega de premios. Espalladas por Cans atópanse as sete salas nas que se van proxectar as curtas deste ano: alpendres e baixos cambian por un día os seus usos habituais para convertirse en salas de cine. Este ano volveremos poñer á venda 480 tickets, que permiten ver as 19 curtas a concurso (12 de ficción e 7 de animación) nun percorrido por catro salas. E para os que non teñan bono, a diversión está garantida: actuacións musicais, bo ambiente, curtas no “Jalpón Friki” e as estreas mundias de dúas longametraxes! Actividades gratuítas abertas a todo o público.

O festival organízao a Asociación Cultural Arela, formada por xente nova do Porriño e Mos, baixo a coordinación do guionista Alfonso Pato. Ademais dos diferentes patrocinadores e colaboradores, é moi importante o apoio dos veciños. Eles ceden as “salas” de proxeccións e poñen a disposición do público os seus chimpibuses, pequenos tractores que resultan o medio de transporte público idóneo para o festival.

PASÁRONSE EN CANS:



EMPANADA DE AMEIXA (4')

VAI DE: Cando un mariñeiro anda ás navallas e unha mariscadora anda a ameixa, mellor que non se crucen no medio dun piñeiral, porque poden saltar chispas.

XÉNERO: Porno lírico (de Lira)

O DETALLE: Secuencias de alto voltaxe cun piñeiro por testigo.

Empanada de ameixas Realización: Quique Otero

Actores: Miguel de Lira e Fátima do Biche

Ano 2006 (dispoñíbel en <http://www.youtube.com>)

MARIÑA DOR, BISBARRA DE VACACIÓNS (8')

VAI DE: Unha parella madrileña busca segunda residencia en Mariña Dor, Bisbarra de Vacacións, un paraíso dos guindastres e o ladrillo.


XÉNERO: Especula-movie

O DETALLE: Fíxate na singular Anne Igartiburu autóctona

ImageRealización: Lara Bacelo

Actores: Miguel de Lira, Pepe Penabade, Pepa Yáñez

Ano 2007 (dispoñíbel en <http://www.youtube.com>)



José Manuel Silva Contra os optimistas

p o esia

Chamam destino ao rifão do acaso
e chamam à fraude boa fortuna.
Crêem no Batman e na Virgem Maria.
Duvidam do frio, não da policía
e nunca dão crédito àquilo que vêem.

Reservam a tempo um lugar na geral,
põem o pé entre duas ciladas
e ficam a rir-se nas fotografías.
Sujam a roupa tal como nós, mas
mandam-na sempre a lavandarias
que sabem tratar dos casos difíceis.

Nunca dão ponto sem antes o nó,
mas fazem um laço por cima do nó.
Compram revistas de aval científico
em cujos artigos se prova o seguinte:
é quase impossível determinar
se é falsa uma lágrima ou se é verdadeira.

Depois, jantam em grupo, falam dinheiro,
guiam a vida por grandes veredas e ouvem
sininhos, muitos sininhos de música sacra.

‘Ulisses já não mora aqui’
& etc

ANTES, O GALEGO E O PORTUGUES
ERAN A MESMA HISTORIA. PERO PASOU
NON SEI QUE MOVIDA, CADA UN FOI A
SUA BOLA, E AGORA SON DOUS
ROLLOS DISTINTOS.



SUSO SAN MARTIM (2003)

em: De Troula Nº 3 (2006)

UNHA REGUEIFA

É...

A regueifa é unha cantiga entre dúas persoas (ou máis) que seguen un mesmo cantar ou son durante o tempo que dura unha disputa sobre un tema determinado. Pode verse certo parecido coa tenzón medieval, mais a regueifa é máis popular.

Os temas da regueifas son variados, mais polo xeral, hai unha boa dose de humor, o que fai que este tipo de cantares sexan moi divertidos para todos os públicos.

Este tipo de versos a varias voces poden escoitarse na Galiza, aínda que hai zonas máis ricas deste tipo de literatura popular, como pode ser o caso da costa da Morte. Así mesmo tamén se poden ouvir en Portugal, denominados cantares ao desafío, no Brasil e Colombia, chamados repentistas, e na Arxentina e no Uruguai hai un desafío entre payadores, mais a temática destes últimos é seria e máis poética.



O QUE É A DESGARRADA?

Se falarmos com qualquer alto-minhoto, e lhe perguntarmos que é uma “desgarrada”, logo a seguir dizem: então a senhora não sabe? é o cantar ao desafio. Mas, o facto de cantar ao desafio não é privativo de alto-minhotos, nem sequer de minhotos, dado que existe em outras regiões de Portugal, como também não é privativo de portugueses, já que existe, com outras denominações, é claro, em diversas regiões pelo mundo fora.

Desgarrada, tal e como reza o dicionário, é aquela canção popular que se caracteriza por ser entoada alternadamente por duas ou mais pessoas, ao desafio, sendo a letra geralmente improvisada.

Canta-se pois ao desafio em Portugal, e não só. Na Galiza este género é denominado “regueifa”, e era cantado antigamente nos casamentos. Em verdade, a regueifa era o bolo de casamento que os noivos ofereciam a quem, de entre os moços, for o melhor cantador a desafiar aos outros, sempre improvisando, a reclamar a regueifa. Por extensão é que o cantar ao desafio na Galiza é chamado regueifa, e os seus cantadores regueifeiros.

Hoje em dia ficam alguns (poucos) regueifeiros velhos na zona de Bergantiños -infelizmente acaba de falecer o “Calviño”-. Mas desde a Associação ORAL estão a tentar revitalizar esta tradição, organizando work-shops e encontros, e estão a consolidar-se cantadores novos como Luís “O Caruncho” ou “Pinto de Herbón”, que estão a puxar da regueifa com muita força.

Se formos para a América do sul, temos, quer no Brasil, quer na Colómbia, os “repentistas”. Os repentistas são as pessoas que cantam aquilo que sai num “repente”, isto é, num impulso, sem pensar. Assim tão lindamente é definido o improviso por aquelas bandas onde, ainda hoje, é uma tradição em toda a sua vigência.

antía otero

DE MUDANZA

A nova casa e o primeiro té verde apoiado enriba das caixas, baixo as lámpadas dos anos setenta. A visión desexada. Só queda pechar a porta e respirar.

O espazo propio. A pseudoautonomía. O piso de aluguer. A vida por diante para ser construída, alongada a través dos días como as pestanas co rimel. Todos os recordos envoltos

en cinta de embalar tal que xamón e dátiles, e dez dedos que envían mensaxes: “Xa teño casa, un castelo onde estarricar as miñas trenzas. Pasade a saudarme e non traíades nada, teño ocos e axilas para darvos”...

Metros de paredes que escoitan, milleiras de partículas de pintura coas que ela se comunica na linguaxe de signos. Porque ela é así. Aprendeu a calarse dentro e a se respetar nos silenzos. Por iso gusta de introducir palabras polo medio dos materiais para logo raspalas e tragalas dun só golpe. Precisa que se lle queden dentro, que xa nunca teñan o valor de abandoala.

Por se é o caso mantén o ordenador prendido sobre a mesa da cociña. Quizais sexa preciso escribir... Hoxe, que non sobra nada e todo estorba.

As mudanzas son a excusa perfecta para facer balance de arrecendos, dos lugares polos que fomos recollendo as nosas respiracións. Por iso ela está sentada no medio do cuarto máis grande da súa nova casa, xusto onde as caixas se converten en montaña rusa para o goce do pó e das arañas, e queda co nariz fixo nun punto, na necesidade de entenderse. Ás veces sente pequenos impulsos e chamadas de atención: - Ter valor (stop) Comezar a desencaixar (stop) - , pero pronto desbota o pensamento: - Quedar aquí sentada (stop), todo o tempo (stop), ate que alguén me atope (stop) e rache o silencio.

O mellor de todo é que os elementos do conxunto semellan estar perfectamente situados no seu lugar: unha esquina, o oco, outra esquina, o oco, as caixas, o oco, os recendos, o oco, as esquinas, as caixas, os cheiros, os ocos... A totalidade construída nunha desorde tan caótica que semella necesaria.

A desorde necesaria.

A corda á que se amarrar cando as liñas puras convertidas en rutina fan sangar aos ollos, cando a perfección é unha elección demasiado coñecida como para voltar a tomala.

Quizais ese sexa o motivo que a anula na actividade, nos movementos orgánicos de calquera rapaza nova e disposta.

Pero ela xa ten decidido que non vai saír da súa postura. Pensa permanecer no estado de pausa propio das bonecas de trapo, chantando a mirada de botón na elevación da montaña rusa. Decidiuno hai pouco máis duns minutos.

Mentras vós líades este texto e alguén chamaba á súa porta sen acadar resposta.

texto- poema

carlos quiroga

Todo o mundo sabe que eu professo
em matéria lingüística as ideias
as ideias de Castelao, as ideias.

Todo o mundo sabe como essas ideias
som contrárias às que acima mandam
nas esferas do poder, nas esferas.

Todo aquele que professa o que eu
professo
é um herege e um cismático,
um cismático das altas esferas.

Todo o mundo que estima inservível
esta língua na que falo, canto,
que acha perder tempo, perder pasta,
que vê nela um atentado contra a unidade
dos reinos todos das esferas, as esferas,
todos esses devem ser antilusistas,
todos eles devem ser anticarvalhos,
e todos lá acima que se gritem antigalegos,
todos se confessem abertamente
castelhanistas.

É razoável essa postura nas esferas
é razoável aprender inglês e tudo,
é razoável aprender pinheiros e eucaliptos,
é razoável sempre nas esferas.
E até aqui no monte é razoável
após tantos séculos de castelhano:
é razoável eucaliptar-nos,
é razoável na mentalidade dos galegos,
é razoável que até os galeguistas radicais
revelam às vezes no seu radicalismo
o seu razoável castelhanismo.

Em matéria lingüística o nacionalismo
que propugna o isolamento desta floresta
parece inconsciente manifestação
da vassalagem a outro ponto de vista,
o ponto de vista das esferas, as esferas,
o ponto de vista castelhanista, eucaliptista.

Nom é sensato ignorar o português
quando se trata de ordenar este galego.
Os problemas que abordam os plantadores
galegos, perplexos por tamanhos
problemas,
fôram resolvidos no português
em forma perfeitamente aceitável
para nós.
Para nós!

Alguns já descobriram,
nós e muita Gentalha,
e aprendemos na casa vizinha
e vemos o mundo grande
e sabemos que nos serve para um mundo,
inservível é fechar os olhos,
nefasto só fechar as portas.
Outros ensaiam o jogo pueril de inventar
saídas
que vizinhos já bem contrastaram,
no mundo das sete partidas.

E no jogo cerril acirra-se um ódio
indiferente ao português,
no que parece resultado de inocular
um vírus preparado por inimigos
da pervivência do galego, meu irmao,
do galego que ainda pervive.

o património imaterial galego-português



O património imaterial representa a fonte vital de uma identidade profundamente enraizada na História e compreende “o conjunto de formas da cultura tradicional e popular ou folclórica, quer dizer, as obras colectivas que emanam de uma cultura e se baseiam na tradição. Estas tradições transmitem-se oralmente ou mediante gestos e modificam-se com o decorrer do tempo através de um processo de recreação colectiva. Incluem-se nelas as tradições orais, os costumes, as línguas, a música, os bailes, os rituais, as festas, a medicina tradicional e a farmacêutica, as artes culinárias e todas as habilidades especiais relacionadas com os aspectos materiais da cultura, tais como as ferramentas e o habitat.”

A índole efémera deste património intangível torna-o vulnerável. A salvaguarda deste património deve partir da iniciativa individual e receber o apoio das associações, especialistas e instituições.

A candidatura

A candidatura multinacional que é proposta, As tradições orais galego-portuguesas, reporta-se a uma marca distintiva das expressões culturais das regiões do Norte de Portugal e da Galiza (Espanha), que as caracteriza como uma unidade de práticas sociais e simbólicas, de que a tradição oral é uma manifestação original. Propõe-se esta tradição oral como Masterpiece of Oral and Intangible Heritage of Humanity e alia-a às manifestações materiais e simbólicas no Noroeste Peninsular porque nela encontram sentido e têm origem as comunidades humanas aqui residentes e que têm consciência da importância deste mundo da oralidade na construção da sua identidade cultural.

A excepcionalidade desta candidatura reside no facto de ela ser testemunho de um passado e de um presente que ultrapassa as barreiras políticas, através do sentimento de pertença a uma cultura comum posta em causa por alguns ditames da história e pelas transformações da sociedade contemporânea e de que a experiência de novos contactos reavivou e exigiu a salvaguarda. Independentemente de alguns componentes da cultura tradicional estarem presentes também noutras terras da Península e da Europa, o facto a destacar é que neste espaço geo-cultural esses componentes ganham um singular significado.

As regiões do Norte de Portugal e da Galiza conservam, ainda, um conjunto de práticas sociais e uma tradição oral que, de alguma forma, as individualiza no conjunto das demais regiões portuguesas e espanholas.

As tradições culturais aqui transmitidas de geração em geração são herança comum das comunidades sociais que neste espaço viveram ao longo dos séculos. O património cultural oral destas comunidades está, para além dos múltiplos contributos herdados de diferentes participantes, marcado pelas características geográficas e ecológicas da região.

A sub-região do Noroeste Peninsular, para lá de toda a pluralidade e variedade de expressões culturais que apresenta, caracteriza-se por valorizar um conjunto de tradições culturais comuns, cuja justificação encontramos tanto no processo histórico que a constituiu, como língua comum que partilharam, como num

contexto ecológico muito próprio. O Norte de Portugal e a Galiza apresentam um conjunto de condicionantes ecológicas que encontram expressões socioculturais muito similares de modo a configurar uma sub-região


cultural. A geografia e a ecologia do território não só o individualizaram como, impuseram aos seus habitantes a adopção de estratégias económicas particulares que interpretaram e renovaram o seu mundo simbólico

A relação do território com os sentidos das vivências das comunidades e a apropriação do mesmo por parte destas são uma das características mais definidoras do património cultural desta região de que, a tradição oral

é um vivo testemunho. A continuidade de tradições orais e de práticas sociais e materiais a elas associadas no Noroeste Peninsular é o que propomos para o conteúdo a considerar como património imaterial e intangível.

Mais informação em: <http://www.opatrimonio.org/>

A CORPORACIÓN SEMIÓTICA GALEGA



A actividade fundamental da corporación consiste na creación e difusión de poesía visual a través da rede aberta da arte correo. Así mesmo, parte desta creación artística é seleccionada e compilada en blocs que se autoeditan artesanalmente en tiradas de 100 exemplares numerados que se volven a distribuir de novo pola rede libertaria da arte postal (à esquerda 'Calígrafos').

sam the kid



Sam the Kid, nome artístico de Samuel Martins Torres Santiago Mira, (Marvila (Lisboa), 17 de Julho de 1979) é um músico português.

Se 2001 se revelou um ano decisivo para o crescimento do hip hop nacional, Sam the Kid foi um dos principais responsáveis pela proeza, a par de nomes como Mind da Gap, Bullet, Chullage, Micro e Valete, entre outros. O primeiro álbum, Entre(tanto) estava disponível desde 1999, mas só em 2001, e em grande parte devido ao disco instrumental Beats Vol 1: Amor, o nome Sam the Kid começou a marcar pontos fora de casa, que é como quem diz, no circuito de fiéis seguidores do universo hip hop.

Construído a partir da história de amor vivida pelos pais de Samuel Mira, Beats Vol 1: Amor convenceu tudo e todos sem grandes dificuldades, tendo sido considerado por muitos entendidos na matéria como um dos melhores álbuns do ano da colheita nacional. Gravado em casa, com recurso a um vasto arquivo de samples recolhidos em discos, vídeos pornográficos, telenovelas e chamadas telefónicas, privadas ou não, Sam the Kid transpôs a barreira que até então o limitara ao subúrbio do hip hop, desbravando caminho até ouvidos atentos à música, mas até então desatentos ao trabalho de Samuel.


Quando viu chegar a oportunidade de gravar o álbum de estreia, já Sam the Kid tinha em carteira uma série de gravações, feitas em casa, em formato cassete, mini-disc, CD, e até com recurso à câmara de vídeo.

Foi depois de ter ouvido 93 Til Infinity (1993) dos Souls of Mischief, que Sam começou a desenhar o seu futuro na música a lápis mais carregado. A rádio foi o primeiro veículo encontrado pelo músico para a divulgação do trabalho que já tinha em avanço, sobretudo através do programa "Repto". Anos mais tarde, em 2001, depois de várias provas de talento dadas e de dois discos editados, Entre(tanto) e Sobre(tudo), a então recém-criada Loop:Recordings, de Rui Miguel Abreu, propunha um contrato discográfico a Sam the Kid. A primeira aposta no artista foi Beats Vol 1: Amor. O novo álbum, Pratica(mente), teve o seu lançamento em Dezembro de 2006.

Informação tirada da wikipedia em português, para mais informação visita <http://www.myspace.com/samthe-kid>

Dios Ke Te

C r e w




Dios Ke Te Crew naceu en Ordes, ó longo do 2003, como o resultado da xuntanza de xente vinculada dunha ou doutra maneira ao mundo do HipHop. No tocante á parte musical, 5Talegos e Ghamberros, os dous grupos de Ordes, fusionáronse para levar a cabo a parte Rap do colectivo, ó que se sumarían os graffiteiros Vandals Crew e Cousas Novas, e os breakers composteláns Playmovil Kids.

A súa traxectoria nos últimos anos é crecente, ao igual que o público que os acompaña en cada directo, sendo as súas actuacións posiblemente o seu punto forte, nas que deixaron pegada en lugares como o Auditorio de Galicia, dentro do ciclo Sons da Diversidade; o festival Microfest do Multiusos Fontes do Sar; o I Festival Internacional de HipHop de Pontevedra "Cultura da Rúa"; ou o Festigal 03 e 05....

Dios Ke Te Crew Durante a súa andaina compartiron escenario con artistas de sona nacional e internacional como Explicit Samurai, Zuco 103, Terrakota, Ojos de Brujo, La Mala Rodríguez, SFDK, Violadores Del Verso, Solo los Solo, La Excepción, ..., e un largo etcétera ó longo de toda a xeografía galega e parte do resto do estado.

Participaron tamén en outros proxectos relacionados coas artes, como poñer a música a varias curtametraxes, (dúas das cales producidas por Xosé Zapata (I.B.Cinema): "Mártires" e "O Derradeiro", pertencente este último ao conxunto de curtas agrupadas co nome de "Hai que botalos") ; ou realizar exhibicións e obradoiros nos que ensinan as diferentes artes que compoñen a cultura HipHop coma o break dance, o djing ou o graffiti

Información de <http://www.komunikando.net>. Para mais información: visita <http://www.myspace.com/diosketecrew>



p


quando os meus pais souberam
que fora eu quem assaltara a igreja
roubando o dinheiro das esmolas
para pagar aos amigos copos de vinho
e que até desfigurara o rosto dos santos
em meu nome pediram desculpa ao padre
e mandaram rezar missa
como se estivesse morto

o

'Rua 31 de Janeiro (algumas vozes)'
&etc, Lisboa, 1998

esia


José Ricardo Nunes



camila mendonça

(a)feto

Estudantes de Burela e de Guimarães unidos num blogue



ESPAZO XUVENIL
GALIZA-PORTUGAL

Desde agora as distâncias entre Burela (na comarca da Marinha) e Guimarães (Portugal) verám-se reduzidas graças à iniciativa impulsionada polos profesores Bernardo Penabade e Fátima Aguiar. Através do blogue Juntos pela diversidade, os estudantes de português do burelão IES Perdouro poderám manter contacto com colegas do centro de secundária Martins Sarmento de Guimarães.

Neste novo espaço na rede os alunos de aquém e além-Minho poderám partilhar ideias, opiniões e experiências sobre diferentes matérias e nom só o estritamente ligado com a docência do português de Portugal na Galiza.

O blogue estará aberto todo o curso, e afinal haverá um acto de convívio entre ambos os dous centros e ensino.

Fonte: <http://www.agal-gz.org> (Segunda, 28 Maio 2007)

+ d'A CORPORACIÓN SEMIÓTICA GALEGA



da galería PSINAIIS, conxunto de
poemas visuais autorreferenciais:
letra, palabra, texto.



QUE É PONTE...NAS ONDAS?

Uma jornada de rádio elaborada pelos alunos e alunas de mais de quarenta escolas de Galiza e Norte de Portugal.

QUANDO NASCEU?

No ano 1995 coincidindo com a inauguração da Ponte Internacional entre Salvaterra de Miño (Galiza) e Monção (Portugal).

EM QUE CONSISTE?

Os alunos e alunas participantes coordenados pelos professores/as colaboradores elaboram ao longo do ano lectivo cada um dos seus programas que serão emitidos a partir de vários estúdios durante toda uma jornada de rádio.

QUEM PODE PARTICIPAR?

Qualquer escola ou Universidade que o deseje pode contactar com Ponte...nas Ondas nesta web para solicitar a sua colaboração e participação.

QUE ESCOLAS TÊM PARTICIPADO?

Mais de centena e meia de escolas da Galiza e de Portugal têm participado durante as passadas edições de Ponte...nas Ondas.

Através de Internet e vídeo-conferências participaram escolas de França, Holanda, Finlândia, Brasil, Argentina, África ...

Ver centros participantes

COMO SE ELABORAM OS PROGRAMAS?

Ao longo do ano lectivo os alunos de cada centro de ensino elaboram o seu programa de rádio que transmitem em directo no dia da emissão a partir de qualquer um dos estúdios de rádio. Desde há vários anos que os programas estão relacionados com a apresentação à UNESCO da candidatura do Património Imaterial galaico - português. Por esse motivo os alunos elaboram trabalhos de busca, estudo e classificação do nosso Património Imaterial.

QUE PRETENDE PONTE...NAS ONDAS?

Pretende ser uma ponte de comunicação internacional entre os profissionais e os adolescentes das duas margens do Minho e doutras fronteiras. Para além disso, pretende-se sensibilizar e consciencializar nos alunos o respeito pelos valores da solidariedade, participação, comunicação e conservação do nosso Património.

ENTREVISTAS E COLABORAÇÕES

Várias personagens ligadas á música, literatura e cultura em geral, têm participado através de distintos meios na programação de Ponte ...nas Ondas: Uxía, João Afonso, Dulce pontes, Manu Chao, Caetano Veloso, Chico César, Daniela Mercury, Milladoiro, Mercedes Peón, Treixadura, Gaiteiros de Lisboa, Filipa Pais, Fausto, X. Carlos Caneiro, Carlos Casares, Federico Mayor Zaragoza, Michel Salgado, etc....

APRESENTAÇÃO EM PARIS DA CANDIDATURA DO PATRIMÓNIO IMATERIAL À UNESCO

As escolas participantes em Ponte ...nas Ondas apresentaram em Paris a candidatura do nosso património para que em Julho do ano de 2005 seja proclamada Obra Mestra do Património Imaterial.

Mais informação : www.opatrimonio.org

fo to grafia

Natalia Devesa

‘A família bem, ghrasias.’

1º premio do I Certame Fotografico
de Aturuxo e Querote.



alguns dicionarios galegos...

online

Na actualidade existen diversos dicionarios online que permiten resolver dúbidas léxicas, ortográficas, ou incluso atopar referencias bibliográficas.

A web da Consellería de Educación recolle dous dicionarios:

- * O Dicionario da Real Academia Galega, avalado por esta prestixiosa institución. (Non está actualizado coa última normativa do 2003)

- * Dicionario de termos pedagóxicos con vocabulario específico neste eido do saber.

O Instituto da Lingua Galega pon á nosa disposición na súa web varias recompilacións de vocabulario de gran utilidade tanto para o usuario común coma para o investigador filolóxico.

- * Vocabulario Ortográfico da Lingua Galega (VOLGA), feito en colaboración coa Real Academia Galega. A través desta web poderemos consultar a existencia dunha palabra e coñecer os seus sinónimos, xénero complementario ou categoría lingüística. Tamén podemos realizar consultas empregando comodíns como, por exemplo, cantas palabras hai en galego que empecen por “h” ou cantas que rematen en “lo”.

- * Tesouro Informatizado da Lingua Galega. Ampla base de datos lexicográfica que recolle termos da nosa historia literaria e permítenos atopar palabras no seu contexto para definir axeitadamente a súa semántica, cronoloxía, etc.

O Seminario de Lingüística Informática da Universidade de Vigo conta co dicionario CLUVI de inglés ao galego.

Seguindo a filosofía wiki atopámonos co Galizionario, un proxecto colaborativo para producir un dicionario gratuíto en galego, con significados, etimoloxías, pronunciacións e citas. A versión galega comezou no ano 2004 e conta xa con máis de 15.000 entradas inseridas. Está totalmente aberto á vosa participación.

Información de: <http://www.mancomun.org>



ga to

...é um grupo de quatro humoristas portugueses composto por José Diogo Quintela, Miguel Góis, Ricardo de Araújo Pereira e Tiago Góis. Começaram a sua carreira através de “stand-up comedy” e só mais tarde viriam a ter um programa na televisão.

fedorento

CONCURSO “QUEM É MAIS BENFIQUISTA?” Em homenagem ao novo campeão nacional, aqui fica a transcrição do último sketch que 3/4 do Gato Fedorento gravou exclusivamente para passar nos ecrãs gigantes do Estádio da Luz (por ocasião do Benfica-Sporting).

Num cenário de concurso, Benfiquista 1 e Benfiquista 2 estão a gritar um com o outro. Apresentador assiste impavidamente.

Benfiquista 1

Você? Você não é mais benfiquista do que eu!

Benfiquista 2

Desculpe lá mas sou! Eu sou muito mais benfiquista do que você!

Benfiquista 1

Ai não é, não!

Benfiquista 2

Ai sou, sim senhor!

Apresentador

Boa noite. É justamente para evitar este tipo de quezílias entre os sócios mais fanáticos que inventámos o nosso concurso “Quem é mais benfiquista?” Meus senhores, estão preparados?

Benfiquista 1

Avança lá com isso, pá.

Benfiquista 2

Vá lá ver...

Apresentador

Pergunta nº1 para ver quem é mais benfiquista: “Qual é o vosso número de sócio?”

Benfiquista 1

Ah, ah, ah! Está no papo.

(saca do cartão de sócio)

Eu sou sócio desde 1904. Cá está: sócio nº1.

Apresentador

A sério? Está muito bem conservado. Bom, nem vale a pena perguntar-lhe a si porque, se este senhor é o sócio número 1...

Benfiquista 2

Vale a pena, vale. Eu sou sócio desde 1867.

Apresentador

1867? Mas nessa altura ainda nem sequer havia Benfica.

Benfiquista 2

Pois, mas o meu avô, pelo sim pelo não, inscreveu-me logo, para o caso de vir a haver.

(saca do cartão de sócio)

Aqui está: sou o sócio –13.

Apresentador

Bom, nesse caso está 1-0 para si. Vamos à 2ª pergunta: quando é que inscreveram os vossos filhos como sócios do Benfica?

Benfiquista 2

Ah, ah! Ainda estavam na barriga da mãe.

(saca de uma ecografia)

Vim cá inscrevê-los com a ecografia. Olhem para isto: o puto com três meses até tinha a forma de uma águia.

(olha melhor para a ecografia)

Bom, se calhar tinha a forma de um feijão. Mas, se for a ver, é um feijão arraçado de águia.

Apresentador

E você?

Benfiquista 1

Isso para mim não é nada.

(saca de um teste de gravidez)

Eu inscrevi o meu puto com o teste de gravidez da minha esposa. Vim cá e disse ao senhor da secretaria: “Ó chefe, está a ver este risco vermelho? É o meu filho. Tire a foto, que é para fazer o cartãozinho”.

Apresentador

Bom, e o ponto vai para si. Está 1-1. E vamos à terceira e última pergunta: onde é que se casaram com as vossas esposas?

Benfiquista 2

Eu casei-me na Farmácia Franco, em Belém, onde o Benfica foi fundado. A certa altura, diz-me o padre: “Aceita casar com este trambolho que aqui está na saúde e na doença, na riqueza e na pobreza, nas vitórias e nas derrotas do Glorioso?” E digo eu: “Aceito, sim senhor. E já agora dá-me aí uma aspirina, que já me dói a cabeça”.

Apresentador

E o senhor?

Benfiquista 1

Eu celebrei o sagrado matrimónio no relvado do estádio da Luz. À socapa. Eu e a minha patroa saltámos a vedação e demos o nó exactamente no mesmo sítio onde o Eusébio dava nós aos adversários.

Apresentador

Bom, e parece que temos um empate. Vocês os dois têm exactamente a mesma quantidade de benfiquismo. Já agora, por quanto é que o Benfica vai ganhar hoje?

Benfiquista 1 e 2

(em uníssono)

15 a 0! 15 a 0! 15 a 0!

este será o teu libro para que ti nunca o saibas
eu inventarei por iso a cidade,
os lugares ocultos, os sitios secretos.
crearei o aroma das camelias,
as cancións dos músicos ambulantes,
a herba fresca baixo os teus pés...
eu crearei este lugar para un amor que nunca morra,
meu pequeno de ollos máxicos,
e a ti tamén.

e só se amarras un globo vermello á miña man
e xuras que será o can que camiñe ao noso lado,
que será chespir, coas súas patiñas de goma levitando sobre o chan,
se o fas, se mo xuras,
entón creareiche a ti tamén.
para que habites no meu colo para sempre
meu pequeno berlín



‘berlín’ maría lado

Ás veces un amante pode ter un ollo de cada cor, como algúns gatos, como David Bowie, ou como o espírito das cidades divididas. Non é estraño, nese caso, que alguén dea en chamarlle Berlín, porque ademais a sonoridade do nome pode traer arrastrado o sabor de certos doces con améndoa e podemos sentilo rebentar na boca en pequenas triscadelas de tenrura. Pouco importa que o escenario do amor sexa a capital contemporánea da nosa poesía. Un amante que ten un ollo de cada cor merece que o seu libro se chame Berlín.

Ás veces unha escritora ou escritor soña con ser arquitecta ou arquitecto, e gustaría de deseñar planos nos versos. Que alguén poida pescar unha cidade mergullada e poñela en orde lendo o seu libro, ou mesmo reconstruíla despois das catástrofes partindo do compás das páxinas ao pasarse. E apesar de que os cinemas arden, os locais fechan ou cambian de nome, e de que algún día até expropiarán as hortas, os parques, ou as prazas, hai unha cidade que non é Berlín que poderemos recoñecer co libro na mao. E descubrílle de paso o porto oculto e os menceiros onde os nomes se escriben deliciosos baixo as árbores.

Ás veces unha voz de muller segue a subvertir papeis na poesía contemporánea, e consegue acadar centralidade para cantar á fatalidade e a tenrura do amor sen complexos. E ao tempo, inventar unha cidade, un can chamado Chespir, un amante cos ollos como Bowie, e a ela mesma e ás palabras. E mesmo un outro, o mesmo, para sempre, (como no disco de Lou Reed), Berlín.

E ti que o leas (texto de Mario Regueira).

Berlín é un audiobook que podes descargar libremente en aregueifa.net!

Texto e recitado: María Lado
Música: Fanny+Alexander
Deseño da capa: David Rubín
<http://www.aregueifa.net/marialado.htm>

Recursos electrónicos gratuitos para uma escrita mais correcta



a verificação da ortografia no Mozilla Firefox por Gerardo Uz

Baixo ou baixo? Boda ou voda? Assegurar ou assegurar? São algumas das dúvidas mais frequentes com que se encontram/encontramos galegos que, coma mim, não foram/fomos alfabetizados na norma culta internacional do galego-português. As vacilações, e por vezes a injustificável burla pública, têm desmotivado muitas pessoas para se aproximarem ao luso-reintegracionismo. Por sorte, hoje em dia contamos com um amplo leque de recursos gratuitos para romper essa barreira, como também fazer-nos mais levadoiro o trabalho a quem mália à passagem do tempo ainda cometemos muitas gralhas.

O propósito deste artigo é descrever de forma clara e simples algumas das melhores e mais úteis ferramentas que podemos utilizar para melhorar a qualidade da nossa escrita, salientando acima de tudo o seu carácter gratuito.

Pois que os recursos dos que falarei estão na internet, o primeiro ‘protagonista’ vai ser um programa básico para aceder ao conteúdo da rede: o navegador.

De todos os disponíveis, há um que se está popularizando muitíssimo, o Mozilla Firefox. A última versão em português (de Portugal ou do Brasil) deste popular programa inclui uma utilidade muito interessante: a verificação ortográfica. Pessoalmente recomendo a de Portugal por ser a ortografia (incluindo a acentuação) vigorada mais próxima da defendida pela Associação Galega da Língua.

Não vou entrar em detalhes sobre a forma de instalação, já que em cada sistema operacional difere um bocadinho. Comentarei directamente as possibilidades que oferece a aplicação.

Por defeito, a verificação ortográfica está activada sempre que formos redigir algum texto, quer seja num fórum, quer uma mensagem electrónica ou um blogue. Igual que acontece com outros correctores, os termos que o programa considerar incorrectos (nem necessariamente o seriam sempre) serão marcados em cor vermelha.

Uma parte considerável das palavras interpretadas como ‘gralhas’ podem ser palavras perfeitamente galegas, mas outras serão termos estrangeiros, mormente castelhanismos. Podemos consultar as dicas que oferece a aplicação premendo com o botão direito do rato riba da palavra ‘errada’. Em caso de dúvida sempre é boa ideia consultar numa outra fonte. E no caso de ter a certeza de a palavra ser correcta, para a frente!

Por último, o programa sempre oferece a opção de desabilitar o corrector se nos resultar molesto e mesmo acrescentar novos dicionários, o que inclui desde suporte para outros idiomas até melhoras no verificador (artigo originariamente publicado em <http://www.agal-gz.org>).

Dicionário da Língua Portuguesa

On-line



Dicionário Língua Portuguesa On-line Um excelente dicionário da Língua Portuguesa, que o pode apoiar no esclarecimento de qualquer dúvida relativa ao significado de uma ou várias palavras e que possibilita a integração em qualquer página.

Trata-se do dicionário da língua portuguesa mais consultado na internet, e que disponibiliza simultaneamente um conjugador de verbos e de gramática, tendo ainda integrado um corrector ortográfico (disponível gratuitamente em <http://www.priberam.pt>).

poesia

Quando sós à boleia do crepúsculo

[para o Fernando Guerreiro]

Não mais a literatura, os seus
fúteis e imperiosos desígnios
- julgamos dizer, insistindo
numa ourivesaria do terror
e em gestos que sabem o quanto
chegam tarde. Quando sós,
à boleia do crepúsculo, dizemos
coisas assim, mentimos com
os dentes todos que não temos.

E a mentira (a literatura)
é ainda a improvável derrota
de que não nos salvaremos
nunca. Tão igual à vida, portanto:
pouso o copo, recupero o fôlego,
fumo uma silepse. Sei que vou morrer.

Manuel de Freitas

E isso que - talvez - nos diz
é uma evidência que escurece
(tivemos por amigo o desconforto).

Quanto ao mais, vamos andando.
Casados ou sozinhos. Mortos.

[SIC]
poesia inédita portuguesa
Assírio & Alvim

útil para galegos e portugueses...



O tesouro lexical galego, agora na rede, conta com mais de 91 000 verbetes. O Dicionário Electrónico Estraviz, o mais completo dicionário galego em linha, o Electrónico Estraviz (e-Estraviz), já é uma realidade. Na versão electrónica não só foi feita uma adaptação para a norma histórica e etimológica da língua galego-portuguesa do Dicionário Estraviz – o mais contrastado dos dicionários galegos publicados até hoje –, mas também uma revisão individualizada de cada verbete e definição, com correções e acréscimos.

A esse labor uma equipa de até quinze pessoas (ver anexo), sob a direcção pelo próprio lexicógrafo Isaac Alonso Estraviz, dedicou muitas horas e muito carinho.

Sem qualquer dúvida, este é um dos mais completos manuais das línguas românicas publicados em internet, e o mais contrastado no que à variante galega da nossa língua diz respeito, pois conta com um total de 91 029 verbetes.

Como bom dicionário manual, o e-Estraviz possui o léxico mais fundamental e mais completo possível, quer dos ramos científico-técnicos quer das expressões mais populares. Por isso, inclui abundante léxico científico e popular de mais uso. No entanto, faltam muitas variantes e localismos, que os seus utentes podem empregar com pleno direito por serem tão galegos como as que estão incluídas.

Este Dicionário vai destinado para ser utilizado por toda a lusofonia, mas, nomeadamente, pela cidadania galega. Aliás, é válido para aqueles que se dizem seguidores de uma norma “isolacionista” (na realidade, ainda hoje não há um “Dicionário Normativo Oficialista” a este nível).

A respeito da norma empregue, seguiram-se uns critérios que tentam não marcar muitas diferenças com a norma padrão portuguesa, mas que mantêm formas próprias reconhecidas como históricas do galego na norma AGAL.

Assim, a modo de exemplo, mantêm-se os galeguismos: -ÁM, -OM, POLO, POLA, POLOS, POLAS, TE/CHE (CHO, CHA, CHOS, CHAS), COUSA, e o léxico galego. De resto atém-se ao padrão de Portugal (algumas destas formas já aceites pela norma da Agal, como os plurais em -ões), do que salientamos: -ÕES, AFÃ, MANHÃ / MÃO, IRMÃO, UMA, ALGUMA, NENHUM, NENHUMA, formas verbais, Â travado por nasal, HOMEM, ORDEM / SÉMEN, PÓLEN, SIM, ASSIM, COMEU-O, -A, -OS, -AS, PÁSSARO (mantém-se, porém, PÁXARO como variante galega remetendo para a forma comum).

O e-Estraviz é um primeiro passo que tenta dotar de mais um instrumento de trabalho todos os galegos, e mesmo também fazer um humilde contributo para a lusofonia que poderá reconhecer, destarte, léxico galego como próprio.



projecto

mourente



Mais do que um projecto, é um passatempo musical que foge de compromissos e responsabilidades. O objectivo fundamental de Projecto Mourente é procurar diversom fácil aproveitando as possibilidades que oferece um simples computador para a expressom musical. Nom se procuram concertos nem contratos discográficos, só o prazer de experimentar sons, ritmos e melodias na casa partindo de um total desconhecimento da linguagem musical e das técnicas de canto. Em resumo: aspirações, poucas; vontade de aprender e melhorar, muita.

Ainda que nom pretende seguir um estilo musical determinado, Projecto Mourente procura uma sensibilizaçom sobre a necessidade urgente de fazer pop electrónico em galego. Partindo do trabalho de Jimmy Somerville (Bronski Beat/Communards), Pet Shop Boys e Erasure como referência, este projecto bebe de muitas fontes: Fangoria e Carlos Berlanga, Andrés do Barro, Deee-Lite, Goldfrapp, Pastora, Depeche Mode, Zuco 103, Chico y Chica, Pizzicato Five, Eurythmics, Mylène Farmer, Fernanda Abreu, George Michael, Mercedes Peón, New Order, Étienne Daho, Glashaus, Cool Hinoise, Humanos, La Terremoto de Alcorcón, Saint Etienne, Towa Tei, Astrud, Army of Lovers, Madonna, Ellos, Maga... e assim poderíamos continuar até enchermos a página.

“Baixo os eucaliptos” é o resultado de um ano de trabalho unipessoal aproveitando ocos de tempo livre. Foi concebido e gravado essencialmente na sala de estar dum apartamento da zona velha compostelã com a única ajuda de um computador e de vários programas musicais básicos. A gravaçom da voz foi quase espontânea e apenas houve ensaios prévios, o qual resulta evidente do primeiro ao último tema. Em geral, e sem muitas pretensões, neste grupo de canções defende-se a imaginaçom na precariedade, cultiva-se o hedonismo retranqueiro e critica-se o amor romántico.

Ter pernas é muito bom
pode-se ir até aos campos
e trazer as costas carregadas de batatas e cebolas dos outros.

Ter pernas é muito bom
e ir ao lado da namorada
para um saco de pipocas,
escuro no cinema e depois casar
para fazer mais pernas.

Ter pernas é muito bom
e correr sem precisar de falar.

Ter pernas é muito bom
ainda que só as uses para escrever
e nem sequer saibas.

Ter pernas é muito bom
para pôr uma boca entre elas.


Ter pernas é muito bom
sair para ir às compras
e trazer comida às forças para andar.

Ter pernas é tão bom
que a inveja inventou a guerra
só para as cortar.

Ter pernas é muito bom.

Paulo José Miranda
(Inédito)

ainda + d'A CORPORACIÓN SEMIÓTICA GALEGA



da galería
monoLOGO

para saber máis:
<http://www.cosega.org>



xuventude.net

O noso mellor portal de información

juventude.gov.pt

está dispo-
nível a se-
guinte infor-
mação!

<http://xuventude.net>

Áreas

* DXXS (Dirección Xeral de Xuventude)

* Rede Galega de Información Xuvenil

* Campamentos de verán

* Actividades +18

* Campos de traballo

* Emprego

* Vivenda

* Ensino

* Asociacionismo

* Escolas de Tempo Libre

* Condución

* Carné Xove

* Lingua

* Saúde

* Lecer e cultura

* Turismo xuvenil

* ¡Exprésate!

* InfoXove

* Europa ao teu alcance

* Mocidade investigadora

* Lexislación de interese

* Discapacidade

* Tecnoloxía

nas páginas
web de juven-
tude dos go-
vernos galego
e português

<http://juventude.gov.pt>

Tecnología

_ Férias e Fins-de-semana com Ecologia e Multimédia

_ Férias com as TIC

_ Manuais de Informática

_ Inforjovem

_ Cursos de informática

_ mais

Lazer

_ Turismo e tempos livres

_ Pousadas de Juventude

_ Cartão Jovem Euro<26

_ Cartão Jovem Municipal Euro<26

_ Cartão Id<30

Voluntariado

_ Voluntariado Jovem para as Florestas

_ Estatuto do Voluntário

_ Projectos

_ Promotores de projectos

Associativismo

_ RNAJ - Registo Nacional do Associativismo Jovem

_ Programas de apoio ao associativismo jovem

_ Reconhecimento de associações de jovens e equiparadas

_ Associações e plataformas

_ Agenda

_ mais

Programas

_ Campos de Férias e de Trabalho

_ OTL - Ocupação de Tempos Livres

_ INOV-JOVEM - Jovens Quadros para a Inovação nas PME

_ Programa JUVENTUDE e Juventude em Acção

_ Jovens Criadores

_ mais

intenções

Cheguei até o ponto de escrever sobre o silêncio
cheguei mesmo até o ponto de nom escrever
no nosso silêncio
secular
interminável.
Pensei também fugir
do seu silêncio
e procurar outros caminhos nas palavras
longe dos sotaques assassinos
das palavras.

Cheguei até o ponto de duvidar sobre as palavras
cheguei mesmo até o ponto de nom as escrever
na nossa página em branco
secular
interminável.
Pensei também fugir
das suas vozes
e procurar outros caminhos
além das suas palavras assassinas
dos sotaques.

Cheguei até o ponto de nom sentir neste silêncio
cheguei mesmo até o ponto de nom sentir
na nossa impotência
secular
interminável

mas hoje já nom estou só com os meus sentidos silenciosos...

carlos figueiras

para nos ler...

lh = ll

nh = ñ

-m = -n

j = x

gi, ge = xi, xe

ç = z

ss = s

-ão = -ón, -án

-ães = -áns

- ões = -óns